

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Noia Campos, M^a Camiño
Suárez Pazos, Mercedes
Vila Alonso, M^a de las Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

Sánchez Gálvez, Estevo
Vidal Rodríguez, Saleta

PAS:

Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Pérez Gómez, Luís

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

De Lorenzo Rodríguez, Edita
Meana Martínez, Juan Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 15 de abril de dous mil once, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O luns día **15 de abril de 2011**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 29 de marzo de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
4. Aprobación do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as titulacións de Grao e cuestións pendentes da PDA de Titulacións LRU.
5. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Ana Nóvoa Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular, por parte da Xunta de Centro da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.
6. Aprobación, se procede, do calendario escolar do curso académico 2011/2012.
7. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 5 do regulamento de elección Decanos/as e Directores/as de centros.
8. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo y la Universidad Estatal Escuela Superior de Economía, PERM (RUSIA).
9. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 29 de marzo de 2011.

O reitor dá a palabra ao Prof. Jaime Cabeza, quen sinala que en relación ao punto 11 da orde do día, relativo ao Acordo de implantación de novos títulos de Máster e Doutoramento para ou curso 2012/2013, non foi incluído coa publicación do acordo, a proposta coa súa postura que presentou por escrito, e que dita proposta foi aceptada. A secretaria xeral indica que a súa proposta foi incorporada como anexo á acta.

Punto 2. Informe do reitor.

O reitor informa das súas actuacións nas últimas semanas.

1.-En primeiro lugar informa das actuacións relacionadas co Campus do Mar:

Sinala que o venres 1 de abril tivo lugar a primeira xuntanza do Consello reitor do Campus do Mar coa presenza dos reitores da USC e da UdC, o presidente do CSIC e o director do IEO. Nesta xuntanza acordouse nomear ó equipo de dirección. Baixo a dirección de D. Emilio Fernández acordouse establecer cinco áreas e unha secretaría técnica.

O profesor do CSIC, D. Francisco Gómez Figueras, será o responsable da Área de Investigación.

D. Luis Fernández, da Universidade da Coruña, coordinará a Área de Transferencia.

D. Alberto González Garcés, conselleiro técnico do IEO encargarse da Área de Internacionalización.

Dna. Elsa Vázquez, que fora vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo, dirixirá a Área de Captación de talento.

E D. Victoriano Urgorri representará á Universidade de Santiago ao fronte da Área de Proxección Social e Cultura Científica.

Xunto con eles, con voz pero sen voto neste equipo directivo, a vicexerenta de Internacionalización da Universidade de Vigo, Dna. Regina Carreira, será a directora da Área de Xestión.

2.- Presentación do Campus do Mar en Bruxelas:

O día 6 de abril ás 12,30 horas, preséntase o Campus do Mar na sede da Dirección Xeral do Mar e Investigación da Unión Europea, diante dos técnicos que teñen entre as súas responsabilidades a avaliación de proxectos que inciden directamente en accións cunha forte implicación investigadora. O encontro obedece a unha invitación oficial realizada o pasado mes de decembro na reunión mantida entre o reitor e o director da Dirección General del Mar. A presentación foi realizada por D. Ernesto Penas Lado, director de Políticas de Desenvolvemento e Coordinación da Dirección Xeral para Asuntos Marítimos e Pesqueirías. A este acto asistiron, ademais do vicerreitor de Relación Internacionais, a vicexerenta de internacionalización e D. Ricardo Capilla Pueyo, director xeral de I+D+i da Xunta de Galicia.

Posteriormente, tivo lugar un encontro con D. José Manuel Silva, director xeral de Agricultura . O reitor destaca que a este encontro asiste D. Ricardo Capilla Puello, director xeral de I+D+i. O obxectivo do encontro foi potenciar e visibilizar a investigación nos ámbitos da agricultura e forestais (importante para os Campus de Ourense e Pontevedra).

Outras reunións de interese para o reitor ás que asistiu acompañado de D. Ricardo Capilla e das que dá conta son as seguintes:

- Reunión con D. Antonio García Gómez, xestor de programas de I+D+i para España da Dirección Xeral de Política Rexional. Neste encontro abordouse o Programa Operativo Economía baseada no Coñecemento (PO EC). Este Programa está orientado a organismos públicos de investigación e universidades. Conta cun orzamento de 1.500 millóns de euros e contempla sete liñas de gasto. Por orzamento destaca o investimento en infraestruturas e proxectos de investigación. Conta con seis organismos intermedios para a execución dos distintos programas de actuación.

- Reunión con D. Pablo Amor, director do Departamento de Xestión de Axudas, ERCEA (Axencia Executiva do Consello Europeo de Investigación) e con D. José Manuel Labastida, xefe do Departamento de Xestión Científica, ERCEA. Fálase sobre a potenciación das axudas Starting Grant e Advanced Grant na Universidade de Vigo. O reitor sinala que convidou a D. Pablo Amor e a D. José Manuel Labastida a que visiten a nosa universidade onde se pode realizar contactos cos investigadores e empresas.

- Reunión con Dna. Milagros Candela, conselleira coordinadora de Ciencia e Innovación. Representación Permanente de España ante a Unión Europea e con Dna. María González-Encinar, directora do Instituto Cervantes en Bruxelas. Tratouse a importancia do Campus do Mar como factor de internacionalización da universidade. O reitor destaca que Dna. Milagros Candela ofreceuse como colaboradora para motivar e coordinar o networking en Bruxelas en asuntos relacionados coa súa competencia.

- O reitor destaca da viaxe a Bruxelas a conferencia sobre o Campus do Mar no Instituto Cervantes, na que son presentados de novo por D. Ernesto Penas e pola directora do Instituto Cervantes. O reitor sinala que a conferencia foi un éxito, xa que, asistiron á presentación un número importante de representantes españois na Unión Europea e persoal do corpo diplomático e consular de España en Bélxica. Paralelamente producíronse outras xuntanzas de traballo nas que participaron o vicerreitor de Relacións Internacionais, a vicexerenta de Internacionalización e o director do Campus do Mar. Entre estas, pódense destacar as mantidas con:

- Reunión con D. Jesús Villasante, Dirección Xeral da Sociedade da Información e Medios (INFSO/F5), xefe da Unidade de Confianza e Seguridade (Trust & Security). Proporcionou información sobre as vindeiras convocatorias “ICT-INFORMATION AND COMMUNICATION TECHNOLOGIES-“que se abrirán desde xullo do 2011 ata xaneiro do 2012, así como as relativas aos Proxectos “FUTURE OF INTERNET”.

- Reunión con D. Luís Rodríguez-Roselló, Dirección Xeral da Sociedade da Información e Medios (INFSO/D1), xefe da Unidade Redes Futuras (Future Networks). Fíxonos unha proposta para achegar unha primeira selección de investigadores que poidan actuar como avaliadores de proxectos do FP7 e de programas na constitución do próximo Programa Marco (FP8). Dimitri Corpakis.- Dirección Xeral de Investigación e Innovación: xefe da Unidade Dimensión

Rexional da Innovación (C5). Proporcionounos información relevante sobre a vindeira convocatoria do 19 de xullo en base ós traballos do grupo Economy for Growth en relación coas denominadas “Rexións de Especialización”.

- Reunión con D. Piet Van Hove, vicerreitor de Relacións Internacionais (Universidade de Amberes).

- Reunión con D. Frank Van Laeken, director do Instituto de Transporte Marítimo e Loxística de Amberes (ITTMA).

- Reunión con D. Julio Chaves, coordinador de Euranet (Parlamento Europeo).

O reitor destaca en último lugar que nestas reunións tamén se mantiveron conversacións para abrir posibilidades nos ámbitos de Filoloxía e Tradución.

Punto 3. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que na COAP celebrada o 25 marzo de 2011 se deu informe favorable á creación das seguintes prazas:

Unha praza do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Pintura pola promoción do Prof. Carlos Tejo Veloso.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Física da Terra pola promoción da Pr^{fa} María de las Nieves Lorenzo González.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Física Aplicada pola promoción do Prof. Mohamed Boutinguiza Larosi.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Teoría do Sinal e Comunicación pola promoción do Prof. Carlos Mosquera Nartallo.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Matemática Aplicada pola promoción do Prof. José Manuel Casas Mirás.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Catedráticos de Universidade na área de Economía Aplicada pola promoción do profesor Santiago Lago Peñas.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do Corpo de Titulares de Universidade na área de Comunicación Audiovisual e Publicidade pola promoción da profesora Emma Torres Romay.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación do encargo de docencia: Programación docente anual (PDA) para as Titulacións de Grao e cuestións pendentes da PDA de Titulacións LRU.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que en relación ás cuestións pendentes do último Consello de Goberno na COAP de data 15 de abril foi aprobada a oferta da materia optativa “Servizos de Rede” encargada á Área de Linguaxes Informáticos en substitución da materia Linguaxes Naturais (Área de Ciencia da Computación e Intelixencia artificial). O Centro xustifica as razóns polas que debe ofertarse esta materia optativa. En consecuencia, desestímase o escrito da Área de Ciencia da Computación e Intelixencia artificial.

Apróbase a proposta.

Pide a palabra o Sr. Estevo Sánchez para poñer de manifesto a protesta dos alumnos pola supresión da docencia de determinadas materias optativas do plan de estudos das licenciaturas en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galega.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións responde que coñece o contido da protesta pero que é unha cuestión que foi aprobada no último Consello de Goberno.

Intervén o reitor para responder que como esa cuestión xa se aprobou no último Consello de Goberno e que pode formular a pregunta no punto da orde do día relativo a rogos e preguntas, e que si o considera conveniente pedir a incorporación do seu escrito á acta.

Cédese de novo á palabra a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que en segundo lugar trátase de aprobar a Programación Docente Anual (PAD) para os máis de 40 graos que imparte a Universidade de Vigo e que se atopan en diferentes fases de implantación. A vicerreitora agradece o esforzo e o traballo feito polos centros e en especial aos equipos directivos, xa que os encargos docentes deben facerse con certos indicadores, entre eles a presencialidade e o tamaño medio grupo. O acordo da COAP foi aprobar o encargo docente tal como chegou dos centros na súa versión final tralo primeiro análise da COAP. Continúa a vicerreitora facendo unhas observacións xerais sobre o encargo docente anual dos graos (concretamente observacións en relación á modificación da Facultade de Ciencias da Educación do campus de Ourense, e en relación a Enxeñaría Ambiental).

O encargo docente presentado conta co informe favorable da COAP.

A vicerreitora sinala que algunha cuestión quedou pendente de acordo entre os departamentos afectados. Concretamente a división do encargo das materias de Matemáticas das

seis titulacións de Enxeñaría Industrial entre os departamentos de Matemática Aplicada I e Matemática Aplicada II.

Ábrese unha rolda de preguntas.

Intervén a Prf^{ta}. Margarita Pino Juste quen mostra o seu recoñecemento polo esforzo despregado polos centros para axustarse as normas e indicadores na elaboración da PDA pero adianta que o seu grupo non está de acordo e se absterá na votación.

Toma a palabra o Prof. Jaime Cabeza para sinalar que o traballo de organización do PDA é un traballo desproporcionado en relación co resultado final. Na súa opinión trátase de adaptar unha realidade a un cadro de persoal teórico. Continúa reclamando unha RPT de profesorado e unha planificación do cadro de persoal docente a curto e longo prazo coa finalidade de saber cómo vai evolucionar a contratación do profesorado dentro de 20 ou 25 anos.

O reitor responde que a elaboración dun plano de profesorado non pode ser un documento de imposible aplicación que ignore os cambios legislativos que poidan producirse coa próxima entrada en vigor do Estatuto do PDI. Sinala que o seu propósito é planificar a medio e longo prazo a política de profesorado, pero que a definición dos cadros básicos de profesorado debe ir na liña dos contratos programa, un documento que permita visibilizar os diferentes tipos de actividades do profesor para determinar o cadro de persoal ideal e acercarse progresivamente a el. A planificación do cadro de persoal teórico tamén precisa un escenario económico menos incerto e a necesidade de que entre en vigor o Estatuto do PDI. O reitor sinala que a proposta será levada a Consello de Goberno.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que sinala que o traballo de elaboración do PDA non foi estéril. Destaca que con motivo da elaboración del Plan Docente Anual mantivo reunións cos centros dos tres campus, o que lle axudou a coñecer as realidades de cada centro que son moitas e diversas.

O texto sométese a votación:

Votos a favor: 27

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

Punto 5. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Ana Nóvoa Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular, por parte da Xunta de Centro da Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

O vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade informa sobre este caso, comentando que é un máis das moitas peticións de avaliación curricular que non son admitidas a trámite na Escola Universitaria de Estudos Empresariais. A COAP ten delegadas as competencias nese asunto polo que esta petición foi vista no seu día e rexeitada por non cumprir os requisitos establecidos, segundo os datos dispoñibles naquel momento sobre as cualificacións medias da materia obxecto de petición de avaliación. Ante o recurso de alzada presentado pola estudante solicitouse aos Servizos Informáticos datos actualizados sobre ditas cualificacións medias,

dándose o caso de que nese momento a solicitante cumpre os requisitos, en concreto a superación da “nota de corte” resultante. Polo tanto a COAP na súa reunión do pasado 7 de abril decidiu informar favorablemente a petición expresada no recurso o que tería como consecuencia a admisión a trámite da petición de avaliación curricular. O terse feito dita petición por recurso dealzada fai necesaria a súa aprobación polo Consello de Goberno.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para pedir que se lle de un toque de atención a Escola Universitaria de Estudos Empresariais.

Punto 6. Aprobación, se procede, do calendario escolar do curso académico 2011/2012.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se presentan dúas propostas de calendario académico do curso 2011/2012. Unha para as titulacións de grao, posgrao e titulacións que se extinguen. E outra que será de aplicación para o Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín, onde se imparte o Grao en Enxeñaría Mecánica.

Respecto ao calendario do Centro adscrito, a secretaria xeral expón que é diferente porque ten a súa propia organización docente académica, universitaria e militar e tamén instrución e adestramento o que o obriga a ter un calendario propio que se expón na documentación aportada aos membros do Consello de Goberno.

A secretaria xeral sométese a aprobación o calendario escolar do Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín.

Apróbase por asentimento o calendario que figura no **anexo I**.

No que se refire ó calendario escolar para as restantes titulacións impartidas na Universidade de Vigo, a secretaria xeral expón o marco temporal no que se desenvolve a planificación das diferentes actividades académicas, avaliacións incluídas. Sinala que para o curso 2011/2012 o calendario axústase aos seguintes principios. O marco temporal do curso académico iníciase o xoves día 1 de setembro ata o martes 31 de xullo de 2012 organizado en dous períodos académicos e que o mes de agosto non será lectivo.

O curso divídese en dous cuatrimestres. A duración dos cuatrimestres son iguais, cunha duración de 18 semanas e 85 días hábiles cada un deles. O primeiro período abarcará do 5 de setembro ata o 21 de xaneiro, reservando para probas de avaliación dende o día 10, xusto á volta do Nadal ata o 21 dese mesmo mes, e o segundo, do 23 de xaneiro ao 2 de xuño, suspendéndose as clases o 21 de maio para a realización das probas de avaliación. Sinálase a supresión definitiva en todas as titulacións dos exames de setembro, que o vindeiro curso se celebrarán entre o luns 2 e o sábado 14 de xullo.

Ao igual que en cursos anteriores para as titulacións que se extinguen, os centros poderán optar por realizar as probas de avaliación da convocatoria de decembro entre:

- Das datas de exames do primeiro e segundo período.
- Os días 28 de novembro e o día 3 de decembro de 2011.

A tal efecto a Secretaría Xeral enviará un escrito aos centros para que comuniquen en que período se celebran os exames de decembro nese centro.

A secretaria xeral destaca que polo que se refire a realización de exames de fin de carreira serán entre os días 28 de novembro e o día 3 de decembro de 2011, sen que se suspenda a docencia. A data límite de rexistro de entrega de actas será o día 22 de decembro de 2011. A secretaria xeral sinala que se concorren circunstancias excepcionais os centros, previa autorización da xunta de centro, poderán solicitar á Secretaría Xeral o cambio desta convocatoria. Esta excepción obedece a petición da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da conveniencia de adiantar esta convocatoria extraordinaria para que os estudantes poidan obter o título antes da entrada en vigor no mes de outubro da Lei de acceso ás profesións de avogado e procurador e que lles obrigaría a realizar un Máster de aptitude profesional.

No que respecta ás titulacións de posgrao, compartirán calendario cos graos, coa única excepción da data de inicio das clases que, neste caso, se retrasará ata o día 13 de setembro.

A este calendario escolar incorpóranse as festas estatais, autonómicas e locais, así como as festas patronais de cada centro.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o Sr. Federico Fernández para lembrar que por convenio colectivo o PAS ten un horario reducido no mes de xullo polo que debe terse en conta a hora de fixar as horas de comezo e finalización dos exames.

Intervén o Sr. Xan Cebro para poñer de manifesto a necesidade de que o calendario escolar sexa tamén obxecto dunha adecuada planificación da xestión académica e unha coordinación coa xerencia dado o volume de traballo adicional que xera o inicio de cada curso académico. Tamén chama a atención sobre a falta de coordinación entre o inicio do curso académico para os alumnos de primeiro curso e as datas das probas de acceso a Universidade, o que da lugar a que os alumnos que superan a proba no mes de setembro se incorporan cando as actividades académicas están xa iniciadas.

Debátese o tema coas intervencións do Sr. Luis Pérez, Xan Cebro e a secretaria xeral.

O reitor toma a palabra para sinalar que xa se expuxo o tema no Consello de Universidades pero non se chegou a ningún acordo e que é unha competencia da Consellería de Educación.

Intervén a Prf^a Mercés Vila para facer consideracións sobre o desaxuste entre o comezo da actividade académica de posgrao e o período de matriculación.

A secretaria xeral somete a aprobación o calendario escolar exposto.

Apróbase por asentimento o calendario publicado que se indica no **anexo II**.

Punto 7. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 5 do Regulamento de elección de Decanos/as e Directores/as de centros.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen comeza expondo que o equipo de goberno é consciente de que a actual normativa para elección de decanos/as e directores/as de centro non permite comprender todas as especificidades que impón aos centros o proceso de transformación e adaptación ao espazo superior europeo. Sinala que aínda que é preciso unha revisión global da normativa, polo momento o que se trae a aprobación do Consello de Goberno é unha modificación do art. 5 que (regula o número de membros dos equipos directivos) que ten por obxecto regularizar situacións que están por encima da normativa e sobre todo dar unha resposta puntual ao incremento da carga burocrática que teñen algúns centros debido ao proceso adaptación e a xestión administrativa que supón os másteres adscritos aos centros

A secretaria xeral informa do texto da nova redacción do art. 5 e sométea a aprobación.

Apróbase por asentimento a modificación do art. 5 do Regulamento de elección de Decanos/as e Directores/as de centros normativa que figura no **anexo III**.

Punto 8. Aprobación, se procede, do seguinte convenio: Convenio Marco de Colaboración entre a Universidade de Vigo y la Universidad Estatal Escuela Superior de Economía, PERM (RUSIA).

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Xan Cebro para pór de manifesto que foi aprobado no Consello de Goberno a modificación do RPT dentro do apoio á nova estrutura do equipo de goberno e nese documento se acordou a profesionalización de catro áreas. Que recentemente nomeouse para a Área de descentralización do Campus de Ourense un PDI para ocupar esa dirección de área pola dimisión do PAS que a viña ocupando e que esa designación vai en contra do acordo asignado coa Xerencia.

Tamén fai referencia a unhas promocións que están paralizadas de A2 a A1 e promoción dá area de biblioteca.

O Sr. Xan Cebro tamén fai referencia a unhas solicitudes de información que se fixeron a Xerencia e que non obtiveron resposta. Sinala que se solicitou información sobre política comparativa do funcionariado das tres universidades, homologación de niveis de funcionarios e sobre os motivos de discriminación que está tendo unha compañeira do Campus de Pontevedra que está facendo funcións de xefa de sección, a xunta de persoal aprobou un acordo para que se fixese unha modificación puntual da RPT porque hai precedentes e porque está sufrindo prexuízos económicos e administrativos.

Toma a palabra o reitor para dicirlle que atenderá e que se lle dará por cumprida resposta.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para pór de manifesto a protesta dos alumnos pola supresión de docencia en determinadas materias optativas do Plan de estudos das licenciaturas

en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galega.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que se trata dunha reclamación que debería facerse en Xunta de centro, que foi a que aprobou o encargo docente. En todo caso ou vicerreitorado está procedendo a analizar ou contido dá reclamación.

Intervén o Prof. Bienvenido para rogar á vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións que informe no Consello de Goberno dos acordos de negociación alcanzados coa mesa do PDI por que implica darlle importancia e visibilizar o seu traballo.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para solicitar a convocatoria dun claustro para tratar temas pendentes como as pagas extras e a renovación do Presidente do Tribunal de Garantías, que leva tempo en funcións e que a día de hoxe inda non se lle fixo unha proposta de consenso. Tamén quixo facer constar que non lle parecía ético que o Prf. Luís Espada presente un libro que asina como presidente do Tribunal de Garantías.

O reitor respondeu que se están facendo xestións pero que non é fácil propor alguén de consenso, que logo de Semana Santa intentará facerlle chegar unha proposta para convocar o claustro. Respecto dos informes, son iniciativas do Tribunal de Garantías o que lle encarga a comisión e que non lle parece relevante que firme como presidente do Tribunal de Garantías .

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para interesarse sobre a noticia aparecida no periódico Faro de Vigo o día 7 de abril sobre o Plan de sustentabilidade. Roga que este tipo de noticias se comuniquen previamente á comunidade universitaria a través da páxina web. Tamén pregunta se se van a colgar na páxina web da Vicerreitoría de Investigación as axudas á investigación porque só aparecen publicadas as do ano 2010.

Toma a palabra a vicerreitora de Investigación para dicir que as axudas non están esgotadas e non se publican na páxina web ata que estean ultimados os formularios da convocatoria 2011.

Toma a palabra o vicerreitor de Economía e Planificación para sinalar que o plan de sustentabilidade é unha esixencia do Plan de Financiamento e que tamén do anteproxecto de Lei de disciplina orzamentaria, cuxa finalidade é garantir o equilibrio orzamentario. Que antes de pór en marcha calquera medida que contempla o plan se negociase previamente cos axentes sociais e traerese ao Consello de Goberno.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 horas do día 15 de abril de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

M. Inmaculada Valeije Álvarez